



## Ataque Escampe dialoga co pasado en *Cabalgata*, o novo álbum que publica este martes 18 nas principais plataformas dixitais

*Cabalgata* está producido polo Hevi (Ortiga, Novedades Carminha) e conta coa colaboración como vocalista de Antía Ameixeiras (do dúo de música de raíz Caamaño&Ameixeiras) e o deseño e vídeos de David Silva

A presentación ao vivo terá lugar o sábado 29 de abril na Sala Capitol e as entradas xa están á venda na plataforma [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com)



Ataque Escampe © David Silva

**Santiago de Compostela, 17 de abril de 2023.-** *Cabalgata*, o oitavo disco de Ataque Escampe, [estará dispoñible desde as 00.00 horas deste martes, 18 de abril](#), nas principais plataformas dixitais. Trátase do primeiro LP que publica a banda compostelá en seis anos. Nesta ocasión, o grupo volve amosarnos o seu **universo creativo**, mantendo os seus trazos de identidade (como o coidado dunhas letras apoiadas no humor e a vulnerabilidade e o achegamento a estilos diversos) e achegando tamén numerosas novidades tanto na instrumentación -como a presenza de sintetizadores e, ocasionalmente, de saxo e bases electrónicas- como a nivel lírico.



O fío principal do disco é o **diálogo co pasado**, non como obxecto de nostalxia senón, en palabras do grupo, “como espazo inesgotable que nos interpela”. De aí sae o intento de **explorar estilos musicais doutras épocas**, pero tamén temáticas que atravesan o álbum, como a infancia, os amores diferentes ou as amizades conservadas ou perdidas, simbolizadas nas letras polas diferentes imaxes de cabalos ás que fai referencia o título: a tenrura dos cabaliños de carrusel das festas, a ameaza dos policías montados, a emotividade da relación cos animais á que podería apuntar *Cabaliño lento*, o terceiro adianto do LP -estreado o 31 de marzo- e tema que pecha o álbum.

### **O peso das colaboracións**

*A cociña práctica*, un dos dez temas que conforma o disco, conta cunha das colaboracións clave do mesmo: **Antía Ameixeiras**, do dúo de música de raíz Caamaño&Ameixeiras, participa no tema como vocalista, achegándose así a un rexistro máis pop, e suma tamén voces en Supermartes. A maiores, **Cabalgata** está marcado tamén pola participación de dous colaboradores habituais: o **Hevi e David Silva**. Hevi, responsable tamén de gravacións de Ortiga, Novedades Carminha ou Faia, entre outras creadoras, repite na produción despois de *A alma* e, como sucedía naquel EP, o resultado destaca pola procura da naturalidade nas interpretacións e o imaxinativo dos arranxos no achegamento aos diferentes estilos. Pola súa banda, David Silva, que vén de realizar con Ataque Escampe o espectáculo audiovisual *Na noite brillan*, encárgase dos videoclips de *Cabalgata* e do deseño, onde afonda na iconografía ecuestre presente no título.

### **Presentación na Sala Capitol**

Ataque Escampe presentará ***Cabalgata*** na Sala Capitol o **sábado 29 de abril**, nun evento que abrirá un combinado de membros da **Banda de Lalín**. Así, péchase en certa maneira o círculo aberto pola mención á Banda dentro do disco ou a presenza de parte da súa formación no videoclip do adianto ***Lamborghini***. As entradas xa están á venda, a partir de 10 euros, na web de [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com); mentres na billeteira costarán 15 euros.

### **Contacto de prensa Ataque Escampe**

The Office Comunicación  
Lucía Pita - 675 404 321  
[lucia.pita@theofficeco.es](mailto:lucia.pita@theofficeco.es)

### **Descarga o [kit de prensa](#) de Ataque Escampe**

### **Management & Contratación**

Nave de Lata Cooperativa Cultural | Tremendo Audiovisual  
Manuel Tarrío - 629 041 750  
[info@tremendoaudiovisual.com](mailto:info@tremendoaudiovisual.com)